



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE DECEMBRO DE 2015.

ASISTENTES:

Sr. Alcalde

Don José Muíño Domínguez(PP)

Sres. Concelleiros Asistentes

D. Carlos M. Sande Martínez (PP)

Don Carlos Allo Cundins (PP)

Dona Sheila Recarey Varela(PP)

Dona Begoña Torrado Lema (PP)

Dona Miriam Mato Gil (PP)

D. Adrián Paredes Ramos (PSdeG-PSOE)

Dona Sandra Méndez Blanco (PP)

D. Enrique Díaz Varela (PSdeG-PSOE)

Ausentes:

D. Fernando M. Souto Verdes (BNG)

Dona Vanesa Barreira Rama (PSdeG-PSOE)

Secretaria por acumulación de funcións

Dona Rosa Ana García Fernández

Interventora:

Gema Leal Insua.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Cabana de Bergantiños, sendo as 18.00 horas do día 16 de decembro de 2015, reúnese en sesión extraordinaria o Pleno da Corporación baixo a Presidencia de don José Muíño Domínguez, membro do Grupo do PP e con asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados á marxe, para tratar dos asuntos que configuran a Orde do Día da presente sesión.

Dá fe do acto a Secretaria desta Corporación en acumulación de funcións, dona Rosa Ana García Fernández.

Aberta a sesión pola Presidencia, previa comprobación polo Secretaria do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese de seguido a coñecer dos seguintes asuntos incluídos na seguinte Orde do Día:

APROBAR, SE PROCEDE, AS ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS DE 24 DE SETEMBRO E DE 25 DE NOVIEMBRE DE 2015.

Non habendo ningunha observación, apróbase por unanimidade as actas correspondentes ás sesións de 24 de setembro e 25 de novembro de 2015.

APROBAR, SE PROCEDE, O PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVICIOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL: POS 2016.

O sr. Alcalde le a proposta deste acordo explicándoa brevemente.

Abre o debate o sr. Díaz, quen manifesta: "votaremos a favor porque todas as obras son necesaria pero non entendemos porque destina tantos cartos a gasto corrente" O sr. Alcalde respóndelle "é un colchón que temos por si fai falta. Se non se us, no remanente de tesourería usaremos os fondos para obras"

Aberta a votación, coa salvedade manifestada polo portavoz do grupo do PSdeG-PSOE, a proposta do sr. Alcalde é unanimemente aceptada e polo tanto o Pleno adopta o seguinte acordo:

"1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016** da Deputación provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos e, no seu caso, ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2016, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total

MANTENEMENTO E REPARACION DE ESTRADAS MUNICIPAIS: CARRETERA EN CARBALLAL, NEAÑO-NEAÑO, NEAÑO-REBORDELO E AS REDONDAS-PASEO MARÍTIMO	73328,12		73328,12
MANTENEMENTO E REPARACION CARRETERAS MUNICIPAIS: FOLGOSO-DENELLON, PEDROUZO-ERBEDEIROS, EIRITA-COTAREDO, MILLAN-CARDEZO.	73447,42		73447,42
SUBTOTAL OBRAS / SUBMINISTRACIÓNS	146775,54		146775,54

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos na anualidade 2016 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	85572,7
SUBTOTAL GASTO CORRENTE	85572,7

C) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL OBRAS /SUBMINISTRACIÓNS	146775,54		146775,54
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	85572,7		85572,7
T O T A L	232348,24		232348,24

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2016 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación da obra ou subministración	Orzamento
TOTAIS	



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2016 se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

3.- APROBAR, SE PROCEDE, O PLAN DE ACCIÓN SOCIAL: PAS 2015

O sr. Alcalde le a proposta deste acordo explicándoa brevemente. Sen que se xere debate, o asunto é sometido a votación. O Pleno acorda por unanimidade dos nove membros que de feito o forman:

1.- Participar no Plan de acción social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada aos seguintes investimentos financeiramente sostibles, de acordo co financiamento que se especifica, aprobando os seus proxectos das obras ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles de carácter social:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Reparación en pavimento de carreteras municipais. Carretera en Buzaco, Canduas-Monelos, Esqueiro, Esto-Rieiro, As Grelas	86905,82		86905,82
Reparación de pavimento de carreteras municipais: Carretera en cardezo, A Braña, A Gandara, Vilaseco-Borneiro, Devesa-Esmorisa, Reminisqueira-Anos, Iñaño, A Carballa, Castro de Anido.	91172,59		91172,59
Reparación e Mellora das vías de acceso a San fins (Cesullas) e a depósito de auga en Ures (Cánduas) do Concello de Cabana de Bergantiños.	72787,87		72787,87
Reforma de acceso e equipamento público do entorno da escola infantil	34839,12		34839,12
Renovación de alumeados na parroquia de Cesullas	31133,1	28862,13	59995,23

CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS
SECRETARÍA
(A CORUÑA)

SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL	316838,5	28862,13	345700,63
--	----------	----------	-----------

B) Outros investimentos financeiramente sostibles:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS			

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL	316838,5	28862,13	345700,63
SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS			
T O T A L	316838,5	28862,13	345700,63

2.- Aprobar o Plan complementario no que se inclúen as obras ou subministracións de carácter social que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Investimentos financeiramente sostibles de <u>carácter social</u>	Orzamento
TOTAIS	

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello, no seu caso, a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas neste Plan se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Sr. Alcalde dá por rematada a sesión sendo as 18.40 horas, da que se estende a presente acta de tódolos asuntos debatidos e aprobados, do que eu, Secretaria en acumulación de funcións, dou fe e certifico.

ALCALDE
CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS
Asda. José Muíño Domínguez.
ALCALDÍA
(A CORUÑA)

A SECRETARIA POR ACUMULACIÓN.
CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS
Asda. Rosa Ana García Fernández.
SECRETARÍA
(A CORUÑA)